

**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO DE BENS INMOBLES**

Artigo 1.—De conformidade co previsto nos artigos 60 a 77 do Real Decreto Legislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto refundido da Lei de Facendas Locais, o tipo de gravame do imposto sobre Bens inmobles aplicable a este Concello queda fixado nos termos que se establecen no artigo seguinte.

Artigo 2.—

1. O tipo de gravame do imposto sobre Bens inmobles aplicable aos bens de natureza urbana, queda fixado no 0,40%.
2. O tipo de gravame do imposto sobre Bens inmobles aplicable aos bens de natureza rústica, queda fixado no 0,40%.

O coeficiente para o cálculo do valor base na determinación da base liquidable do IBI dos inmobles de natureza rústica ocupadas por construcións será 0,75.

Ao amparo do previsto no artigo 74.1 do TRLRFL, aplicarase unha bonificación do 10 por 100 da cota íntegra do imposto a favor dos bens inmobles urbanos situados en zonas do municipio que, conforme ao planeamento urbanístico, estean catalogadas como solo de Núcleo Rural. A presente bonificación aplicarase de oficio.

Segundo.—As precedentes modificacións, entrarán en vigor o mesmo día da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

Terceiro.—Contra o presente acordo, conforme o artigo 19 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo. Salvaterra de Miño, a 20 de decembro de 2013.—O Alcalde, Arturo GrandalVaqueiro. 2013011450